

Eduardo Estévez gaña o González Garcés coa obra «Construcións»

O xurado salientou que no poemario gañador vese «unha proximidade do cotián»

Rodrigo García | 28/5/2008

Valoración ★★★★★ (4 votos)



«Peguei un berro que lle debeu quedar soando ao home no oído». Esta foi a reacción de Eduardo Estévez (Bos Aires, 1969) cando o presidente da Deputación da Coruña, Salvador Fernández Moreda, chamouno por teléfono pouco antes do mediodía de onte para dicirlle que era o gañador da 14.ª edición do premio de poesía Miguel González Garcés. Moreda apuntaba que tivera que facer esa chamada a moitos galardoados, pero moi poucas veces a nova fora recibida con tanta ledicia, «sinal de que non o esperaba».

Construcións é o título do poemario gañador, que foi presentado baixo o pseudónimo de Ramón Caaveiro e competía con outros 54 orixinais. Manuel Forcadela, voceiro do xurado, explicou que a decisión foi tomada por maioría e se «valorou a contemporaneidade da escrita e a aposta do autor pola renovación da nosa tradición estética», así como «a liña de construción expresiva» desta obra «na que se pode advertir unha proximidade do cotián». Estévez expresaba a súa admiración por «un xurado de moitos quilates no que están poetas como Luz Pozo Garza ou Manuel Álvarez Torneiro...». «É que este é un premio moi importante, a pouco máis se pode aspirar en Galicia». Tamén formaban parte do xurado Medos Romero, gañadora do ano pasado, Gonzalo Navaza e Manuel Forcadela.

Eduardo Estévez confesaba que lle fixo «moita ilusión» recibir o premio por un libro ao que el lle tiña «moita fe, pero levaba tempo intentando colocalo e non había maneira. Xa estaba empezando a estar un pouco desesperado».

Aínda que o novo poemario non se publicará ata o último trimestre deste ano, segundo adiantou o coordinador do premio, Xavier Seoane, o inicio da escrita deste libro pode verse na páxina web que Eduardo Estévez ten en internet (luagris.net), xa que hai dous anos empezou a colgar alí os borradores dos poemas. Despois, «non quería borrar o **blog**, pero tampouco ter alí uns versos que, por outra banda, estaba presentando a algún premio; nesas cousas procuro ser moi escrupuloso».



Eduardo Estévez engusta a escritura gallega e o seu país

(EDUARDO)

Noticias + vistas

Videos

Álbumes

1. Una empresa de Vigo, la de mejor calidad de vida de España
2. Fomento modifica el AVE para que circule a 300 km/h en lugar de a 200
3. Los Duques de Palma se van a vivir a Washington
4. Telecinco ficha a Sara Carbonero
5. El PSOE pone en duda la legalidad del Gobierno por la falta de pridad